

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN RAMÓN DOMÍNGUEZ, PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PERSONALISED RISK ASSESSMENT IN FEBRILE ILLNESS TO OPTIMISE REAL-LIFE MANAGEMENT ACROSS THE EUROPEAN UNION (PERFORM).**

En Santiago de Compostela , a 14 de febreiro de 2017.

**REUNIDOS**


Dunha parte, **Don Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á devandita consellería, actuando en nome e representación deste último e tamén na súa condición de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada por Lei 11/1988, do 20 de outubro; co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; co artigo 11.2.a) do Decreto 112/2015, do 13 de xullo, polo que se crea a citada Axencia e se aproban os seus estatutos, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra parte, **Don Luís Verde Remeseiro**, en calidade de Presidente do Padroado da Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez (en diante, Fundación Ramón Domínguez), constituída con data 3 de maio de 2001 e clasificada de Interese Sanitario e Interese Galego e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co rexistro 2001/10. Domicilio social: Travesía da Choupana S/n. 15706, Santiago e CIF G15796683.

As Partes, con plena capacidade para convir en nome das entidades que representan e en función dos seus respectivos cargos

**EXPOÑEN**

1. Que o presente convenio ten por obxecto ~~promover~~ a posta en marcha do proxecto "*Personalised Risk assessment in febrile illness to Optimise Real-life Management*"



*across the European Union*” (en diante, proxecto PERFORM) no ámbito hospitalario e de atención primaria de saúde na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

2. Que o Servizo Galego de Saúde incorpora como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e a innovación biomédica. Así, a Estratexia Sergas 2020 establece como unha das súas liñas estratéxicas impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, a través de innovacións organizacionais, con liderado en investigación, atracción de financiamento para investigación e aproveitamento de coñecementos particulares para a mellora común do sistema. Ademais, outro dos obxectivos é promover a participación dos profesionais en iniciativas e proxectos de ámbito internacional, polo que o proxecto citado ten pleno encaixe na citada estratexia.

Por outra banda, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece no artigo 32 que un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia é a promoción da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde, cun carácter traslacional á práctica clínica. Asemade, o artigo 94 f) da citada Lei establece como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

3. Que o artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé que os axentes e organismos públicos de investigación, poidan subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes (nacionais, supranacionais ou estranxeiros) que realicen actividades de investigación científica e técnica, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Por outra banda, a citada lei, no seu artigo 35, establece que as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade.

4. Que a Fundación Ramón Domínguez é unha Fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a realización de actividades de promoción, prestación e xestión de recursos e servizos de docencia e investigación científica, nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.
5. Que a Axencia de Coñecemento en Saúde é unha axencia pública creada por Decreto 112/2015 do 31 de xullo, e ten competencias na coordinación e planificación da investigación, na formación, avaliación de tecnoloxías e innovación sanitaria.
6. Que as Partes están interesadas en favorecer o desenvolvemento de proxectos de investigación financiados pola Comisión Europea para o que desenvolveron accións de promoción comúns.
7. Que as Partes participan no proxecto colaborativo "*Personalised Risk assessment in febrile illness to Optimise Real-life Management across the European Union*" (en diante, proxecto PERFORM) como parte do Horizonte 2020-Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea para o período 2014-2020- do que é investigador principal o Dr. Federico Martín Torres (Anexo I). O proxecto pretende desenvolver novos métodos que sexan capaces de identificar de maneira rápida e eficaz infeccións bacterianas en nenos.

Para poder desenvolver correctamente o proxecto é necesario que parte das accións do proxecto se desenvolva en contacto directo con pacientes pediátricos a través das consultas e dos servizos de urxencias. O persoal que se empregue para o proxecto terá que ter ademais dun perfil investigador as competencias asistenciais para atender pacientes, informar sobre o proxecto e promover a participación no mesmo do maior número posible de pacientes. Por tanto é necesario que o persoal investigador que se empregue para o proxecto PERFORM poida realizar gardas de urxencias.

En febreiro de 2016 firmouse o Consortium Agreement do proxecto (Anexo II), entre os 20 socios participantes. Posteriormente firmouse o Grant Agreement 668303 (Anexo III), no que se recolle (páxina 240) que a entidade beneficiaria do proxecto é o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Ramón Domínguez participa como terceira parte para a xestión económica dos fondos. Do total de 17.997.665,50 euros concedidos a o consorcio, o Servizo Galego de Saúde é beneficiario de 835.000 euros.

8. Que, co fin de potenciar o desenvolvemento de Programas de I+D+i no entorno sanitario galego, as partes interviñentes consideran oportuno apoiar a posta en marcha

e execución do proxecto indicado, como parte integrante da liña de colaboración estable que se remonta ao convenio asinado o 18 de xullo de 2007, tendo en conta ademais que a experiencia participativa desenvolvida ten resultado altamente satisfactoria, tanto pola formación e experiencia dos profesionais implicados nesta materia, coma pola colaboración establecida neste ámbito.

Esta circunstancia xustifica o carácter excepcional e de interese público das accións a desenvolver, como servizo esencial para a comunidade, para promocionar a realización de proxectos de investigación sanitaria no Sistema Público de Saúde.


De conformidade cos antecedentes expresados, as Partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración (en diante, o "Convenio"), de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- OBXECTO DO ACORDO.**

Constitúe o obxecto do presente Convenio, a colaboración entre as Partes concretando todas as actuacións, medios e recursos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto PERFORM, cuxas condicións se detallan nos documentos anexos a este convenio, e que forman parte integrante do mesmo.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autónoma, para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.



4/8



## **Segunda.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS.**

As actuacións comprendidas neste Convenio son as seguintes:

1. Incorporación de investigadores. Dotar con fondos do proxecto PERFORM a cobertura desde o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de dous/dúas (2) especialistas en Pediatría para a realización de labores de investigación relacionadas co Proxecto PERFORM. O desenvolvemento e execución do proxecto, tendo en conta a súa natureza e contido, esixe que os citados especialistas poidan desenvolver actividades tamén mediante a súa presenza física en gardas na Área de Pediatría. A dotación dos postos respostará á modalidade contractual de contrato laboral de Obra ou Servizo en convocatoria pública, para actividades de investigación, de conformidade co previsto no artigo 15.1.a) e o apartado 2º da Disposición adicional decimoquinta do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A Fundación Ramón Domínguez achegará para tal fin a cantidade de 40.000 euros anuais por cada un dos/as especialistas.

2. Intensificación de investigadores. En caso de ser necesario, a cobertura financeira do proxecto abranguerá os fondos precisos para asegurar a debida cobertura das necesidades de recursos humanos para atender e manter os axeitados niveis asistenciais no centro hospitalario de referencia, de xeito que os investigadores implicados poidan desenvolver adecuadamente as tarefas que a execución do proxecto esixe. Para tal fin, a Fundación Ramón Domínguez achegará para un importe de 30.000 euros para o persoal facultativo e de 15.000 euros para o persoal de enfermería por cada investigador ou investigadora que teña dedicación intensiva, o que corresponde a unha liberación do 50% do seu tempo asistencial.


## **Terceira.- ACHEGAS ECONÓMICAS.**

Como consecuencia da sinatura do Grant Agreement 668303 (Anexo III), no que se recolle (páxina 240) que a entidade beneficiaria do proxecto é o Servizo Galego de Saúde, e que a Fundación Ramón Domínguez participa como terceira parte para a xestión económica dos fondos, do total de 17.997.665,50 euros concedidos a o consorcio, o Servizo Galego de Saúde é beneficiario de 835.000 euros.

Os fondos do proxecto PERFORM serán achegados en cada anualidade desde a Fundación Ramón Domínguez á conta que designe o Servizo Galego de Saúde.



5/8



Este Convenio non supón gasto algún para a Consellería de Sanidade nin para o Servizo Galego de Saúde.

As Partes facilitarán as tarefas de xustificación dos fondos que serán coordinadas pola Fundación Ramón Domínguez.

#### **Cuarta.- Cláusula de confidencialidade e protección de datos.**

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

#### **Quinta.- SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES.**

Nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por representantes das tres entidades:

1. O xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, ou persoa que lle substitúa.
2. O xerente da Fundación Ramón Domínguez, ou persoa que lle substitúa.
3. O director da Área de Planificación e Promoción da Investigación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ou persoa que lle substitúa.

A esta comisión corresponderanlle as seguintes funcións:

1. O seguimento do proxecto PERFORM no relativo ao presente Convenio.
2. Resolver dúbidas de interpretación e discrepancias que poidan xurdir durante a execución.

Esta comisión reunirse como mínimo unha vez ao ano.

### **Sexta.- VIXENCIA, DURACIÓN E MODIFICACIÓN.**

O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa firma, e terá unha duración de catro (4) anos computados a partir daquela.

Este Convenio poderase extinguir anticipadamente por:

- a) A vontade de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun preaviso mínimo de tres meses.
- b) A imposibilidade sobrevinda, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) O incumprimento manifesto, por calquera das partes, das cláusulas do presente Convenio.
- d) As reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes do Convenio que fagan inviable o seu cumprimento.
- e) A finalización das causas que motivan a subscrición do acordo.

A modificación das previsións contidas neste Convenio, así como a súa resolución anticipada, poderá realizarse mediante acordo das Partes. Se durante o desenvolvemento do Proxecto se producisen circunstancias que implicasen modificacións substanciais do presente acordo, as Partes documentarano por escrito mediante a sinatura dunha addenda ao presente convenio.


### **Sétima.- Natureza xurídica.**

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase polas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.


De conformidade co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

### **Oitava.- Xurisdición.**

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo,



7/8




corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.  
E en proba de conformidade, as Partes asinan o presente documento, por triplicado exemplar, no día e lugar consignados no seu encabezamento.

**Polo Servizo Galego de Saúde  
e por ACIS.**



**Asdo.:D. Jesús Vázquez Almuíña**

**Pola Fundación Ramón Domínguez**



**Asdo.:D. Luis Verde Remeseiro**

**Anexo I** Proxecto PERFORM "" EC-GA no.

**Anexo II** Consortium Agreement Proxecto PERFORM.

**Anexo III** Grant Agreement Proxecto PERFORM.